

ANUNCIO: PUNTUACIÓN FINAL DO PROCESO SELECTIVO

Mediante a presente, procédese á publicación do Acordo do Tribunal de Selección de data 15 de xullo do 2025 relativo ao proceso selectivo para a cobertura dunha praza de Técnico de Igualdade do Concello de Outes.

En atención á reclamación presentada por unha aspirante, o tribunal acordou a anulación da pregunta 15 do primeiro exercicio da fase de oposición, pois a mesma adolece de indeterminación normativa, pois non especifica cal é o réxime xurídico aplicable á situación plantexada (relación laboral ou funcionarial), sendo que a regulación do permiso por lactación difire entre o réxime laboral común e o réxime estatutario do persoal ao servizo das administracións públicas. Por todo iso, procedeuse á súa substitución pola primeira pregunta de reserva e á realización dunha **nova corrección da parte 1) Cuestionario tipo test, do primeiro exercicio**, co seguinte resultado:

PARTE 1: CUESTIONARIO TIPO TEST

DNI	APELIDOS, NOME	PUNTOS OBTIDOS	CUALIFICACIÓN
***5619**	BELÉN LOBATO RODRIGUEZ	3,150	APTA
***0777**	GLORIA LAREO NEIRA	2,800	APTA
***1705**	AMARA PEREZ DAVILA	2,625	APTA
***1074**	SABELA LOSADA CORTIZAS	2,800	APTA
***6314**	SANDRA REY AMEIJERAS	2,625	APTA
***3661**	LORENA CASTRO TRILLO	2,975	APTA
***5643**	XIOMARA LAZO FUENTES	3,150	APTA

Unha vez realizada a nova corrección do primeiro exercicio e finalizada a valoración da fase de concurso de méritos, estableceuse a **puntuación final do proceso selectivo**, resultante da suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e de concurso, co seguinte resultado:

DNI	APELIDOS, NOME	TEST	PRÁCTICO	TOTAL OPOSICIÓN	FORMACIÓN	EXPERIENCIA	TOTAL MÉRITOS	PUNTUAC. FINAL
***5643**	XIOMARA LAZO FUENTES	3,150	3,400	6,550	2,000	1,000	3,000	9,550
***1074**	SABELA LOSADA CORTIZAS	2,800	3,500	6,300	2,000	0,400	2,400	8,700
***5619**	BELÉN LOBATO RODRIGUEZ	3,150	3,300	6,450	1,950	0,000	1,950	8,400
***3661**	LORENA CASTRO TRILLO	2,975	1,950	4,925	0,300	0,000	0,300	5,225
***0777**	GLORIA LAREO NEIRA	2,800	1,750	4,550	0,450	0,000	0,450	5,000

Concédese ás persoas interesadas un prazo de 3 días hábiles para a presentación, no seu caso, das alegacións que estimen oportunas.

A aspirante que obtivo a mellor puntuación, D^a XIOMARA LAZO FUENTES é **proposta para a contratación**, polo que deberá presentar, no prazo improrrogable de tres días hábiles, a seguinte documentación:

- Certificado médico ou informe de saúde que acredite non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes ao posto ofertado.
- Declaración xurada de non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades



Locais, nin atoparse inhabilitada para o exercicio de funcións públicas.

De non presentar a documentación requirida no prazo indicado, entenderase que renuncia ao posto, procedéndose conforme ás bases do proceso selectivo.

* * *

Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Alcaldía do Concello de Outes, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do presente acordo, de conformidade co disposto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O recurso poderá presentarse por calquera dos medios previstos no artigo 16 da citada lei.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

